



CONDICIÓN DE USO DOS ESPAZOS CIDADÁS DE RIBEIRA SACRA (Novo Mesoiro)

Tras realizar as obras de acondicionamento necesarias, o Concello da Coruña pon a disposición do uso da cidadanía **dous novos espazos en Novo Mesoiro**.

Trátase de dous baixos de titularidade municipal ubicados na **rúa Ribeira Sacra**, un deles no número 15-1, cunha superficie útil de 80 m², e o segundo no número 17, cun tamaño maior, de 106 m² útiles.

Ambos espazos intégranse na nova **rede de infraestructuras sociais** denominadas **TEUs**, posta en marcha pola Concellaría de Participación e Innovación Democrática, coa apertura do Faro de Oza.

É posible solicitar calquera dos dous espazos para **utilizar de forma particular e reservada**, de luns a domingo en horario de 09:00-22:00 h, agás os días 1 e 2 de xaneiro e 24, 25 e 31 de decembro que permanecerán pechados.

Os locais funcionarán tamén, do mesmo xeito que o Faro de Oza, como **espazos con autorización de uso puntual** para celebracións familiares, charlas, obradoiros, e actividades similares.



O baixo ubicado na rúa Ribeira Sacra, nº 17, identificado como [TEU de Ribeira Sacra 17](#) é un espazo municipal público, aberto e multifuncional, equipado con:



- Plataforma de madeira elevada para pequenas actuacións.
- Mamparas separadoras de espazos.
- Mobiliario básico (mesas e cadeiras).
- Postos individuais de lectura, estudio e traballo con conexión á rede.
- Rede wifi.
- Cañón proxector.
- Toma de auga e fregadeiro.
- Aseos.

O baixo ubicado na rúa Ribeira Sacra, nº 15, identificado como **TEU de Ribeira Sacra 15**, é tamén un espazo público aberto, multifuncional, a maioría en planta baixa e unha pequena superficie de uso nunha planta superior, equipado con:

- Cociña con forno e campana extractora.
- Mamparas separadoras de espazos.
- Mobiliario básico (mesas e cadeiras).
- Postos individuais de lectura, estudio e traballo con conexión á rede.
- Rede wifi.
- Aseos.

Poderán solicitarse os TEUs de Ribeira Sacra, do mesmo xeito que o TEU Faro de Oza, para a celebración de reunións privadas, celebracións familiares, cursos, talleres, reunións e actividades doutro tipo, sempre sen ánimo de lucro, organizadas por persoas físicas, asociacións ou colectivos informais. O Concello, previa solicitude e valoración da mesma, outorgará unha **AUTORIZACIÓN DE USO PUNTUAL para o uso particular e reservado do espazo**.

O **horario posible de solicitude** dos locais para o seu uso reservado puntual é o seguinte:

- De luns a venres de 09:00h a 22:00h.
- Datas de peche: 1 e 6 de xaneiro e 24, 25 e 31 de decembro.



Natureza da autorización para o uso puntual reservado

Para facilitar o uso particular e reservado dos espazos, adoptarase a forma de **AUTORIZACIÓN DE USO PUNTUAL**, que consiste en destinar un local municipal para atender as demandas de **persoas físicas** e de **asociacións** ou **entidades sen ánimo de lucro e colectivos informais** que desexen o uso puntual dun espazo para actividades como unha celebración, reunión familiar, charla, xuntanza de traballo, actividade de formación ou calquera outra con proxección social ou cultural beneficiosa para a veciñanza da cidade.

Quen pode solicitar a autorización puntual para o uso reservado

En xeral, poden facer uso destes locais:

- **Cidadás e cidadáns** que precisan dun espazo para celebrar una reunión de ámbito privado.
- **Asociacións, entidades sen ánimo de lucro ou colectivos informais** que, ben por non ter local, ou por telo pero non ter a capacidade e os recursos precisos, desexan desenvolver unha actividade social ou cultural (asamblea de persoas socias, actividades de formación, difusión do seu labor á cidadanía...), sempre de forma gratuita para as persoas asistentes.

As persoas físicas solicitantes deberán ser maiores de idade e figurar empadroadas no Concello da Coruña. Igualmente, as asociacións deberán ter a súa sede no termo municipal.

Solicitude e autorización para o uso puntual reservado

A autorización para o uso puntual reservado e particular d os TEUs de Ribeira Sacra 15 e 17, inclúe o **espazo completo**, en calquera dos dous casos, **incluíndo o equipamento correspondente** de cada un dos locais (a cociña, no caso do TEU-RB15)

A solicitude de autorización de uso puntual **presentarase por rexistro** no punto de rexistro do Centro Cívico de Novo Mesoiro, no Rexistro Xeral de María Pita, no Fórum Metropolitano, no Ágora, ou a través da sede electrónica na páxina do Concello www.coruna.gal

Os formularios de solicitude están disponibles nos propios locais de Novo Mesoiro, no Centro Cívico e poden descargarse da páxina web de Participación Cidadá.



Poderán solicitarse datas dentro do **mes en curso e ata dous meses máis como máximo**, e cunha antelación **mínima de 15 días** naturais antes do día que se queira utilizar.

Condicións específicas para o uso puntual reservado

En todos os casos a autorización para o uso puntual reservado e particular dos dous TEUs de Ribeira Sacra será **GRATUITA**.

A **persoa solicitante** debe ser **maior de idade** e estar **empadroadada** no Concello da Coruña. Ademais, se actúa en representación dunha **asociación ou entidade**, esta debe ter a súa **sede social** dentro do termo municipal da Coruña.

A persoa solicitante asinará o compromiso de cumprimento das condicións de uso que se expoñen a continuación. Con esa sinatura, a persoa solicitante asume, baixo a súa responsabilidade, velar polo coidado e respecto ás instalacións e faise responsable da limpeza e dos desperfectos que se poidan ocasionar

CONDICIÓN DE USO:

- A persoa solicitante **especificará o uso concreto** para o que pide o local e só poderá destinalo a ese fin, segundo se recollerá na **resolución de autorización de uso puntual**.
- A persoa solicitante, e responsable do uso, deberá estar **presente durante todo o tempo** que dure a utilización do espazo.
- Non se poderá sobrepasar a **capacidade máxima** do local (**50 persoas** no TEU-RB-15 e **70 persoas** no caso do TEU-RB-17), nin o **horario máximo** permitido que, en todo caso, **nunca sobrepasará as 22:00 h.**
- Poden colocarse elementos de decoración e ornamentais sempre que non leven ningún tipo de ancoraxe ás paredes, ao chan ou ao teito das estancias.
- **Non se poderá facer ruído** que moleste ás persoas e a veciñanza dos edificios da contorna.
- Non se permitirá **ningunha actividade con ánimo de lucro**, nin a venda de produtos ou o cobro de entrada ás persoas asistentes a calquera actividade, nin calquera actividade económica nos locais.
- **Non está permitido o consumo de bebidas alcohólicas nin o consumo de drogas** en ningún caso, en ningún dos dous locais.



- A persoa solicitante e, polo tanto responsable do uso do local, debe encargarse de **recoller o lixo** produto da actividade realizada e levalo aos correspondentes colectores.
- Notificarase á Concellaría de Participación e Innovación Democrática, a través do correo participacion@coruna.es, cunha **antelación mínima de 48h**, no caso de non poder facer uso do local que se lle adxudicou.

Duración da autorización de uso puntual reservado

A duración da autorización será como **MÍNIMO DUN DÍA** (de 09:00 a 22:00 horas) e **DOUS DÍAS MÁXIMO** (de 09:00 a 22:00 horas) cando o tipo de actividades o precise. En casos puntuais, cando o interese da actividade o aconselle, o Concello poderá autorizar unha duración maior.

Resolución da autorización de uso puntual

As autorizacións de uso puntual outorgaranse **por estrita orde de entrada no rexistro**. A Concellaría de Participación e Innovación Democrática asinará unha **resolución de autorización de uso puntual** a nome da persoa que corresponda, especificando a actividade que se poderá desenvolver, segundo a solicitude presentada.

A Concellaría de Igualdade, Benestar social e Participación **informará previamente á persoa solicitante sobre a concesión** da autorización de uso puntual á **conta de correo ou número de teléfono** sinalados na solicitude, sen prexuízo da **entrega da notificación da no momento da entrega de chaves**.

No caso de **denegación** da solicitude levarase a cabo unha comunicación previa nos mesmos termos indicados para a concesión (mediante teléfono ou correo electrónico), se ben se enviará a notificación por correo certificado, salvo que a persoa solicitante indicara na solicitude que autoriza ao Concello a enviarlle notificacións á Caixa de correos electrónica, accesible na sede electrónica.



Réxime de funcionamento no uso puntual reservado

1. **Recollida das chaves** As chaves recolleranse nas dependencias da **Policía Municipal en María Pita**. **Só poderá recoller a chave a persoa solicitante, mostrando o DNI** :Se a reserva é para un día entre o luns e o venres , o día de recollida será o mesmo día en horario de 9:00 h a 21:00 h ou o día anterior no mesmo horario.Se a reserva é para un sábado ou para un domingo, o día de recollida será o venres inmediatamente anterior en horario de 9:00 h a 21:00 h.Se a reserva é para un día festivo, o día de recollida será o anterior día hábil en horario de 9:00 h a 21:00 h.A persoa autorizada asinará o documento de rexistro de recollida das chaves e o compromiso de uso.

Devolución das chaves: a persoa solicitante devolverá as chaves nas dependencias da Policía Municipal en María Pita o día seguinte hábil do uso do espazo de 9:00 h a 21:00 h.

2. **Limpeza do local:** o Concello manterá un servizo de limpeza semanal do local, pero advertirá no documento de compromiso da normativa que é responsabilidade da persoa solicitante deixar o local limpo e nas mesmas condicións en que o atopou. Ademais, deberá facerse cargo do lixo e residuos producidos na actividade realizada.
3. **Incidencias:** no caso de atopar algunha incidencia, enviarase un correo electrónico a participacion@coruna.es acompañado de fotografías, a data do evento e os datos da persoa solicitante. De atopar algunha incidencia grave, contactarase directamente coa Policía Local no 092.



Condicións xerais de uso

Os TEUs de Ribeira Sacra 15 e 17 permanecerán pechados e non estarán dispoñibles en ningunha das modalidades de uso posibles durante os días 24, 25 e 31 de decembro e tamén os días 1 e 6 de xaneiro.

- O Concello da Coruña non se responsabiliza das actividades que se realicen dentro dos locais cando os compromisos asumidos pola persoa ou entidade solicitante ou organizadora da actividade sexan incumpridos, correspondendo exclusivamente a ésta as consecuencias dos seus actos.
- O Concello non se fai responsable da desaparición de calquera obxecto (bolsos, teléfonos, prendas de vestir, etc.) que se produza no durante a celebración dunha actividade.
- O Concello queda **facultado para denegar a autorización de uso dos locais** no caso de solicitantes, persoas, entidades ou colectivos que teñan antecedentes de incidentes no uso destes locais, en calquera das súas modalidades.
- Igualmente o Concello da Coruña poderá **denegar a autorización de uso reservado**, ben porque precise o espazo solicitado para desenvolver unha actividade propia, ben pola natureza das actividades a desenvolver ou por motivos xustificados que así o aconsellen.